



**Colección
Meiga Moira**

Lóbez

Antonio Yáñez Casal

LÓBEZ

de

Antonio Yáñez Casal

obtivo no ano 2006

o II Premio de Literatura Infantil e Xuvenil
Meiga Moira convocado por Baía Edicións.

O Xurado estivo composto por

Carlos Paulo Martínez Pereiro,

actuando como Presidente,

Xavier Barreiro Liz, Dores Fernández López,

Belén López Vázquez e Conchi Regueiro.

Lóbez

Antonio Yáñez Casal



BAÍA EDICIÓNS



ANTONIO YÁÑEZ CASAL naceu no barrio do Inferniño de Ferrol, no ano 1959. Foi dúas veces finalista do Premio Raíña Lupa, convocado pola Deputación Provincial da Coruña: na edición do ano 2000 con *Don Cosme e o telegrama amarelo* (publicado en 2004) e na edición do ano 2004 con *Crisóstomo o alifáfar* (publicado en 2006). Así mesmo, en 2005 foi finalista do Premio Merlín, convocado por Edicións Xerais, con *Natasha e Dimitri* (publicado en 2006). Con *Lóbez* recibiu o Premio Meiga Moira na súa segunda edición.

*Á miña nai, que naceu
cando a súa carretaba no peixe.*

Un

Cando os animais falaban, un lobiño naceu na Serra do Seixo Branco. Tivo lugar o parto na forza da primavera, que é cando os máis dos lobos veñen ao mundo, e nun lugar que á nai lle pareceu acolledor: unha lobeira acondicionada para a ocasión, coa entrada nun recuncho onde o vento xuntaba moito arume e ramallada. A ela gustáralle esa característica, xa que nun chan esponxoso a rolada durmiría máis cómoda ca na lobeira que adoitaba utilizar; por iso ao presentir que se achegaba o día foi alí onde o agardou.

Os lobos nacen a catro e a cinco en cada parto. E ese é o motivo de que aquel fose tan especial. Porque o lobo deste relato naceu sen a compañía de irmán ningún.

—Fillo único! —proferiu o pai.

—Fillo único –asentiu a nai, aínda co bafexo do esforzo.

—Se cadra, hai algún máis e non te decataches.

—Ca!, xa podes esperar –retrucoulle ela.

A verdade é que era un acontecemento non teren máis dun fillo, mais así foi como sucedeu.

—Vanse rir de nosoutros –comentou o pai, a quen non se lle borraba da cara o xesto de asombro.

—Pois hai que roelo. Se non veñen máis, non veñen máis –resolveu a nai.

Que o pai estivese un chisco contrariado non quere dicir que non quixese ao fillo, non, mente quen diga outra cousa, pero estaba tan confuso que lle era imposible exteriorizar a alegría. Milleiros de anos os lobos poboando os montes, milleiros de xeracións, milleiros e milleiros de parellas formadas para perpetuar a especie, e ese feito excepcional tiña que pasarlle precisamente a eles.

Mentres nisto cavilaba, os dous miraban con atención para a descen-



dencia: un lobeto enorme, todo espe-luxado, e negro coma un chamizo, que tiña como distintivo unha pequena mancha amarela na punta dunha ore-lla.

—Nunca tal se viu no mundo dos lobos –pensou en alto o pai.

Nunca tal se vira, efectivamente –non o da mancha, senón que tivera lugar o nacemento dunha soa cría–, e ese foi o comentario que correu decon-tado por todas as serras do país.

—Cousa da contaminación, segu-rísimo –opinaron uns.

—Da contaminación e do mal comer do inverno –opinaron outros.

—Da contaminación, do mal comer do inverno e de non descansarmos –aseguraron outros máis–. Tantos sobresaltos por cousa das batidas non poden traer nada bo.

Pero fose polo que fose, o caso é que un nacera, e o caso é que por moi-tas voltas que lle deron non lograron atoparlle unha explicación lóxica.

Dous

Os nove membros da familia concordaron en que no ventre da nai o lobiño aproveitara a comida de toda a niñada, pois case non podía nin andar por lle arrastrar o bandullo, tal era a capa de graxa que o protexía. Ese aproveitamento parecía cousa da gula, pero non, por gula non era, eran as circunstancias: se lle chegaba comida, chegáballe comida; non tiña volta.

Outra cuestión xa un pouco diferente foi que non tivese que compartir o leite da nai durante todo o mes de lactancia. Quén o vía escollendo teto cando lle entraba a fame: no almuerzo, o segundo da dereita; no xantar, o primeiro da esquerda; na merenda... E quén o vía, estomballado, durmindo o resto do día. E o mellor: todas as garatuxas eran para el. Pasaba unha vida

digna de envexa para os demais lobos do planeta, que se conformarían coa metade do que aquel posuía. Qué digo a metade: a décima parte.

Desta maneira, entre unhas historias e outras, esmoreceu o mes de maio. Con el rematou o período de aleitamento, e coa chegada do rebuldeiro mes de xuño empezou o lobiño a meterlle ao corpo carne fresca.

Grazas ao esforzo dos pais, que non tiñan máis pensamento que sacar adiante ao fillo, este medrou como nunca o fixera lobo ningún naquelas terras. Tanto medrou que os outros membros da manda empezaron a consideralo o herdeiro do cargo do pai, é dicir: o futuro xefe. Porque é sabido que, antes ou despois, o lobo máis forte é o que se converte en guieiro do grupo.

—Ti come, meu rei —afoutábano os pais—. E rosma, rosma moito.

E el comía, arrea se comía! E a rosma non facía falta animalo, que non por recibir mecos deixaba de ser unha fera. Por iso non perdía ocasión de regañar o dente.

Reináballe ao lobacho escoitar os contos da súa especie. E máis lle reinaban os que describían a súa braveza. Algunha vez tivo intención de inventar un relato no que el fose o protagonista –ata pensaba meterlle versos polo medio–, pero, por moito que matinou, comprobou que non era fácil, e chegou á conclusión de que xa debían de estar todos inventados.